

# El Progreso

## Galiciae

# Un souto do Incio levará o nome de Marica Campo en homenaxe á escritora

---

Etiquetas: O Incio, Marica Campo, homenaxe, escritora

A.C.V. / El Progreso (Sarria). O souto do Val do Mao, no municipio do Incio, levará o nome de Marica Campo en homenaxe á escritora natural destas terras. O nomeamento farase oficial o vindeiro 15 de xuño no transcurso dun acto organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) en colaboración coa Deputación de Lugo, a Consellaría de Cultura e o Concello.

A asemblea de socios da AELG acordou por unanimidade outorgarlle a letra E deste ano a Marica Campo e renderlle unha homenaxe na súa terra natal. Será, segundo explica a asociación, «unha celebración múltiple e popular, na que se recoñece a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor».

03/04/2013